

PLAN DE ACOLLIDA

CEIP DE PRÉSARAS

CURSO 2020-21

INDICE

<u>1.- NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN DOS CENTROS.....</u>	<u>3</u>
<u>2.- ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.....</u>	<u>4</u>
<u>3.- ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.....</u>	<u>7</u>
<u>4.- ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EN GRUPO DE ACOLLIDA E COHESIÓN.....</u>	<u>7</u>

1.- NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN DOS CENTROS

O plan de adaptación á situación Covid-19 implica unha serie de cambios e modificacións temporais que afectan ás Normas de Organización e Funcionamento do centro.

Son as seguintes:

TEMA	MODIFICACIÓNS
Entrada	A entrada será ás 9:15 h (setembro e xuño) e ás 9:30 h (de outubro a maio). Os alumnos/as entrarán ao porche e colocaranse na zona que asignada para cada grupo, logo de poñer as zapatillas e cambiar o calzado. Cada alumno de infantil colocará no colgador que se lle asigne no porche, a chaqueta ou abrigo. Primeiro entrará o alumnado de primaria ás clases e logo o de educación infantil.
Gardas de entrada	Na garda de entrada, un mestre recibirá ao alumnado e verificará que cada neno/a se coloca na zona asignada a cada grupo no porche.
Horario de saída	A saída será ás 15:30 h (setembro e xuño) e ás 16:30 h (outubro a maio). Cada mestre acompañará ao grupo no que imparte docencia durante a última sesión da xornada ata o porche e alí procederase a cambiar as zapatillas e poñer os zapatos para logo dirixirse ao bus.
Horario de recreo	De 12:00 a 12:30 h. Lavado de mans antes e despois. Cambio de calzado para saír e para entrar de novo
	Infantil: zona do areeiro e portalón grande 1º - 3º de primaria: Pista vermella 4º de primaria: zona centro - pavillón 5º e 6º de primaria: zona centro -pavillón
Zonas de recreo Días de chuvia	Infantil: Porche, zona caucho 1º - 3º de primaria: Porche, zona sur 4º de primaria: pavillón - bádmiton 5º e 6º de primaria: pavillón - bádmiton
Ventilación de aulas	As aulas ventilaranse 15 minutos antes de entrar, no recreo e á saída. Así mesmo en cada cambio de sesión ventilaranse as aulas durante 5 minutos. Se o día está ben manteranse as ventás abertas.
Actividades no Salón e actividades interniveis	Considerase toda primaria Grupo de Convivencia estable dado que xuntos non superan os 25 alumnos/as, polo que realizarán actividades conxuntas no Salón pero mantendo a distancia de seguridade e as medidas de hixiene, así como o uso de máscara. Non se realizan actividades conxuntas presenciais entre o grupo de convivencia de primaria e o de infantil pero empregaranse "video-conferencias" entre os dous grupos para realizar actividades simultáneas. Para isto instalárase unha cámara na aula da Saliña que permitirá estas interaccións virtuais conectada á cámara do Salón.
Aula "A saliña"	Esta aula será empregada polo servizo de Madrugadores de 8:00 a 9:30 h. Unha limpadora realizaraá a limpeza da mesma todos os días despois deste servizo, xa que tamén será usada como biblioteca ao longo da xornada escolar polo alumnado de

	educación infantil. Ao rematar a xornada o servizo de limpeza volverá a limpala.
Aula "A coviña"	Este espazo conta con ventilación adecuada, solucións hidroalcohólicas, papeleira de pedal e panos desbotables... Poderá usarse como zona de illamento
Uso de aseos	Restrixirase o aforo a 1 persoa/aseo. Os aseos dos alumnos/as da planta baixa serán destinados para que educación infantil, agás situacións excepcionais.
Desprazamentos polo centro	Realizaranse ocupando sempre a parte dereita do corredor e respectando a distancia de seguridade e sempre con mascarilla

Dada a situación causada polo Covid-19 a Consellería de Educación decidiu secuenciar o inicio de curso en dous días, no seguinte cadro aclaramos os días e horas de inicio de curso

CURSOS	DATA DE INICIO	ZONA DE RECEPCIÓN	HORA DE ENTRADA	HORA DE SAÍDA
INFANTIL 3-4 ANOS	10/09/2020	PORCHE ZONA DEREITA	9:15 h (en xuño e setembro) 9:30 h (de outubro a maio)	15:30 h (en xuño e setembro) 16:30 h (de outubro a maio)
DE 1º A 3º DE PRIMARIA	10/09/2020	PORCHE ZONA CENTRO DEREITA	9:15 h (en xuño e setembro) 9:30 h (de outubro a maio)	15:30 h (en xuño e setembro) 16:30 h (de outubro a maio)
INFANTIL 5 ANOS	11/09/2020	PORCHE ZONA DEREITA	9:15 h (en xuño e setembro) 9:30 h (de outubro a maio)	15:30 h (en xuño e setembro) 16:30 h (de outubro a maio)
4º DE PRIMARIA	11/09/2020	PORCHE ZONA CENTRO ESQUERDA	9:15 h (en xuño e setembro) 9:30 h (de outubro a maio)	15:30 h (en xuño e setembro) 16:30 h (de outubro a maio)
5º E 6º DE PRIMARIA	11/09/2020	PORCHE ZONA ESQUERDA	9:15 h (en xuño e setembro) 9:30 h (de outubro a maio)	15:30 h (en xuño e setembro) 16:30 h (de outubro a maio)

Os primeiros días de clase, o alumnado estará unicamente co seu titor/a, que será o encargado/a de informar das novas normas de organización e funcionamento, en coordinación co profesorado especialista, que, de ser necesario, pasará polas aulas para informar das peculiaridades que afecten á súa área.

Realizaranse prácticas ata que se considere que está aprendido todo o concerniente a movementos e limpeza.

Nomearanse os "capitáns", cargo que a xuízo do profesorado poderá ser rotatorio.

2.- ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.

Prevenición:

Como medidas de prevención establécense as seguintes :

- Non haberá aglomeracións:

- Diseminar as entradas e saídas do alumnado.
- Dividir o patio para que cada grupo de convivencia estable dispoña dunha zona de recreo.
- Regular o acceso aos aseos

- Distancia interpersoal:

- Distribuír as mesas nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado atendendo ao número de alumnos/as por aula e ao espazo dispoñible.
- Evitar situacións de contacto físico.

- Responsabilidade individual:

- O profesorado debe comprometerse a facer un autotest antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa covid.
- As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as ao colexio se presentan calquera síntoma compatible coa Covid-19; para iso deberán facer o test diario que se lles entrega a inicio de curso.

Hixiene:

As accións para reforzar a hixiene xeral do centro e a adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual son as seguintes:

- Hixiene xeral do centro:

- Reforzar o servizo de limpeza con persoal en horario lectivo. Este persoal establecerá un protocolo de limpeza contínuo das zonas máis sensibles (manillas, etc)
- Realizar desinfeccións dos aseos tres veces durante a xornada escolar.
- Facer limpeza de aulas e espazos comúns diariamente.
- Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas.
- Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado e profesorado

- Hixiene persoal:

- Facer 5 limpeza e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de hidroxel nas aulas e xabón líquido nos baños.

- Adquirir hábitos como tusir ou esbirrar contra o cúbado ou pano, evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca.
 - Aprender a manipular correctamente as máscaras.
- Rutinas de responsabilidade individual:
- Os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de que debe recaer sobre eles a desinfección previa ao uso. Para iso haberá elementos de limpeza e desinfección específicos ou ben panos desbotables e xel.
 - Limpeza de elementos propios de traballo: cada mestre ou cada alumno ten uns elementos de emprego persoal, como son a mesa de traballo, bolígrafos, etc. É moi saudable interiorizar a limpeza deses elementos de xeito periódico, o que non exime da limpeza que poida facer o persoal de limpeza. Isto non elimina a limpeza que poida realizar o persoal de limpeza.
 - Facilitar o labor do persoal de limpeza: as nosas accións repercuten no traballo doutras persoas.
- Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:
- Xel hidroalcohólico: en todas as aulas e espazos comúns
 - Xabón: nos aseos e na aula de infantil.
 - Panos desbotables: en todas as aulas, baños e espazos comúns.
 - Toallas desinfectantes:
 - Solución desinfectante: nas aulas.

Protección:

- Uso de máscara:
- Uso obrigatorio para todo o profesorado.
 - Uso obrigatorio para todo o alumnado de primaria. Durante a clase de EF se poderá retirar en función dos requerimentos da actividade e asegurando distancias.
 - Uso obrigatorio para todo o alumnado de infantil para o momento de entrada e saída do centro e para os momentos de deambulación que poidan implicar cercanía aos outros compañeiros.
- Pantallas:
- Para aquelas actividades lectivas nas que o emprego de máscara sexa incompatible.
 - Para as tarefas de desinfección e limpeza de baños (ou gafas de protección ocular).
 - Para realizar trámites coas familias.
 - Na aula de AL e orientación, nas que se empregarán para a realización de tarefas que o requiran.

3.- ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL

NA aula virtual do CEIP de Présaras pode consultarse un elevado número de contidos-actividades que se levaron a cabo durante varios cursos escolares, polo que se pode salientar que as familias e os alumnos/as están moi familiarizados con esta aplicación e utilízase de forma habitual para transferir actividades, propostas, etc.

Durante o mes de setembro entregarase a cada alumno (familiariano caso dos pequenos) a clave de acceso persoal e mesmo se realizará algunha proposta para verificar que o funcionamento é correcto. Enviarase unha mensaxe a través de abalarmóbil a cada unha das familias dos alumnos/as que se incorporan por primeira vez ao centro para explicar o funcionamento da Aula Virtual e o equipo docente resolverá calquera dúbida ao respecto.

No caso de ter que realizar docencia non presencial o alumnado (e as familias no seu caso) terán:

- Acceso á aula virtual
- Acceso aos diferentes cursos/áreas nos que estea matriculado/a
- Envío de tarefas a través da aula virtual (de infantil a 6º e primaria)
- Uso do servizo de videoconferencia que teñamos dispoñible
- Consulta de cualificacións e comentarios.
- Envío de mensaxes por vía interna da aula virtual.

En todo caso, á hora de impartir clases e interaccións non presenciais se coidará a máxima protección de datos. Hai que considerar que, se en normalidade ninguén pode acceder aos espazos lectivos, a clase non presencial debe procurar que as persoas alleas ao grupo non sexan coñecedores de información sensible do resto do alumnado. (Dificultades, chamadas de atención, calificacións, etc)

• Os proxenitores/titores poderán poñer a disposición dos fillos e baixo a súa responsabilidade unha conta de correo electrónico que se poderá usar para as actividades lectivas.

As familias e os docentes poden manter comunicación a través das seguintes vías:

- Aplicación Abalarmóbil, dende a que poden realizar consultas relacionadas co ámbito académico, solicitar titorías e recibir mensaxes do centro ou profesorado.
- Aplicación de Whatsapp no grupo do centro ou aula.
- Correo electrónico: ceip.presaras@edu.xunta.es
- Teléfono: 981778050

4.- ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS. REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EN GRUPO DE ACOLLIDA E COHESIÓN.

O profesorado do CEIP de Présaras cre que este centro pode ser un lugar excepcional para poder enfrentarse a estas novas rutinas e normas creadas a causa da Covid-19. Este é un centro rural que conta con gran espazo, tanto interior como exterior, para poder atender as necesidades académicas, sociais e emocionais dos alumnos/as.

Por iso este ano levará a cabo o proxecto: **“O que realmente importa”** . Un proxecto que pretende descubrir co alumnado, día a día valores como a ALEGRÍA, O COMPROMISO, A RESPONSABILIDADE, A EMPATÍA, O RESPECTO POLO MEDIO E POLOS DE MAIS. Pero estes valores deben transmitirse desde a ACCIÓN e agora que estamos ante unha pandemia que desconcerta, tamén temos que deixar que eles SINTAN, TOMEN DECISIONS e FAGAN porque é a mellor maneira se expresar e socializar.